

AUSCHWITZ EXPLICADO Á MIÑA FILLA

Traducido do francés ao galego por Susana Piñeiro Paz (2007)

do orixinal

AUSCHWITZ EXPLIQUÉ À MA FILLE de Annette Wieviorka (Plon, 1999)

O verán pasado, durante as vacacións, atopamos na praia a unha das miñas amigas, Berthe da que, dez anos antes, recollera o testemuño sobre a súa deportación ao campo de Auschwitz-Birkenau. A partir dese momento mantivémonos en contacto e non había semana na que non falasemos, aínda que fose por teléfono, sobre as noticias que tiñan que ver co xenocidio dos xudeus: o xuízo de Maurice Papón, a película de Roberto Benigni, *A vida é bela...*

A miña filla, Mathilde, que daquela tiña 13 anos, coñecía a Berthe e sabía que estivera en Auschwitz e adoitaban falar por teléfono cando eu non estaba. Porén, ese verán, sorprendérase ao ver un número no antebrazo esquerdo de Berthe, tatuado cunha tinta azul un pouco borrosa. De súpeto, todo aquilo que flotaba na casa, na televisión, nas películas ou na escola, materializábase; facíase, dalgún xeito, real.

Hai algúns anos, cando Mathilde estaba en 4º de Primaria, tivera que elaborar a súa árbore xenealóxica e, aínda que coñecera os seus catro avós, facíase difícil precisar a data exacta e o lugar onde morreran os seus bisavós. Pola banda do seu pai, Rywka Raczymow e pola miña, Roza e Wolf Wieviorka morreran en Auschwitz. Chawa Perelman, a súa bisavoa materna, fora asasinada polos alemáns nos arredores de Chalon-sur-Saône despois da grande redada do Velódromo de Inverno do 16 de xullo de 1942, tentando pasar a liña de demarcación que separaba daquela a zona ocupada da zona libre. Tamén tiñamos tíos e tías asasinados, pero non figuraban na árbore xenealóxica. O seu pai e mais eu herdamos cada un o nome dun daqueles mortos en Auschwitz. Seica isto é o que nos queda? El como escritor e eu como historiadora, sufrimos indirectamente esta historia que tentamos asumir dedicándolle unha parte do noso traballo. Mathilde, aos seus trece anos, non o podía ignorar xa que adoitabamos falar diso tanto entre nós coma cos nosos amigos e ademais, na casa había moreas de libros e revistas que lembraban decote eses feitos. Pero, aínda que tamén me escoitara

falar do tema na radio e na televisión, realmente nunca fixera preguntas sobre o asunto. Nunca tivera que “falarlle”.

Cando tentei responder a Mathilde para explicarlle o que fora Auschwitz, impresionoume que as súas preguntas fosen as mesmas cás que eu me facía indefinidamente, ou que inzan dende hai máis de medio século a reflexión dos historiadores e dos filósofos, e ás que é tan difícil responder. Simplemente, as dela estaban expresadas de maneira máis crúa, máis directa.

Porque se en tanto que historiadora me é doado describir Auschwitz e explicar como se desenvolveu o xenocidio dos xudeus, subsiste un núcleo verdadeiramente incomprensible e, polo tanto, inexplicable: por que os nazis quixeron suprimir os xudeus do planeta? Por que consumiron tanta enerxía en ir buscar os nenos e os anciáns polos catro recunchos da Europa que ocupaban, dende Amsterdam ata Burdeos, dende Varsovia ata Salónica, simplemente para asasinalos?

- *Por que ten Berthe ese número tatuado no brazo?*
- Como se soe dicir, Berthe estivo deportada, o que significa, no sentido estrito da palabra, que foi levada contra a súa vontade do país no que vivía, Francia, cara a outro país, Polonia. No caso dos deportados do período da Segunda Guerra Mundial, a viaxe remataba nun campo de concentración.
- *Por que dis que a levaron a Polonia?*
- Porque o campo de Auschwitz, que era o seu destino, estaba en terra polaca.
- *Cal é exactamente a historia de Berthe? É curioso que a coñeza practicamente dende sempre e que en realidade non saiba nada dela.*
- Berthe foi detida en París o 16 de xullo de 1942. Ese día, a policía francesa detivo, por orde dos alemáns, preto de 13000 xudeus e confinaron as familias canda os seus fillos nun grande estadio onde noutroa se celebraban carreiras de bicicletas e mitins políticos. Tratábase do Velódromo de Inverno, o *Vel' d'Hiv'* e por iso a este arresto masivo chámase a redada do *Vel' d'Hiv'*.
- *Que é unha redada?*
- É un arresto masivo que efectúa a policía de xeito imprevisto. Hoxe en día, as instalacións do Velódromo están destruídas pero cada ano celébrase nese lugar

unha cerimonia de lembranza. Berthe tiña dezanove anos e estaba solteira así que a ela non a levaron ao Velódromo de Inverno, senón a un campo ben cerquiña de París, a Drancy, nun autobús xunto cos demais solteiros e as parellas sen fillos.

- *Drancy tamén era un campo de concentración?*
- Si, se consideramos que un campo de concentración é un lugar onde se concentran persoas privadas de liberdade, pero Drancy non se asemellaba aos campos de concentración nazis, xa que cando ela chegou se trataba dun campo de tránsito no que non os tiñan moito tempo antes de seren deportados. Berthe só pasou alí arredor de quince días e despois levárona dende este campo, outra vez en autobús, cara a unha pequena estación, a de Bobigny onde a meteron nun vagón de mercadorías con outros milleiros de persoas. A viaxe durou tres días e tres noites. Xornadas atroces. Era verán e, nese vagón onde se amoreaban homes, mulleres e rapaces, ía unha calor insuportable, ademais de non ter nada para comer nin para beber. A sede pode volver tolo a un e iso foi o que lles pasou a algúns. Despois chegaron á estacionciña dun lugar do que case ninguén coñecía o nome: Oswiecim en polaco; en alemán, Auschwitz.

- *Por que un mesmo lugar ten dous nomes?*
- Nesta especie de fin do mundo, ao sur de Polonia, atópase a provincia da Alta Silesia, que a Alemaña nazi anexionara en 1939, e á que lle dera un nome alemán.

Cando se abriron as portas do tren –víchelo en moreas de películas-, Berthe escoitou berros en alemán e ladridos de cans e, como vivira en Alemaña ata os dez anos, logo de que Adolf Hitler tomase o poder en 1933, comprendía o que lles berraban: cumpría que andasen lixeiros e que deixasen as maletas e os paquetes na plataforma na que se movían homes dunha delgadeza increíble, coa cabeza rapada e ataviados cunha especie de pixamas a raias. Os alemáns anunciaron entón que os que estivesen cansos podían ir ata o campo en camión, así que separaron os que chegaran en dous grupos: os cansos, os vellos, os nenos e as mulleres claramente embarazadas subiron nos camións. Os outros, Berthe entre eles, andaron a pé. Desta volta, separaron os homes das mulleres en

cadanseus campos e o de Berthe foi o campo de mulleres de Birkenau, a tres quilómetros do campo principal de Auschwitz, do que dependía.

- *E que lles pasou?*

- Mandaron espirse ás mulleres. Naquela época, érase moito máis púdico ca hoxe e un nunca se espía diante dos outros, así que para moitos foi unha primeira humillación. Despois rexistráronas ata nos orificios máis íntimos, fixéronas pasar á ducha e afeitáronas: cabeza, axilas, pube. Déronlles roupas; non pixamas ou traxes a raías, como se ve nas fotos, nas películas ou nos museos, senón calquera cousa, uns trapallos noxentos. De feito, tratábase das roupas tiradas das equipaxes dos detidos precedentes que non eran de calidade abonda para que os alemáns as conservasen, ou que xa usaran outras detidas. E despois – e isto foi o que ti viches no brazo de Berthe- gravábanlles na pel un número indeleble, cunha especie de bolígrafo de metal con tinta azul.

- *Doíalles?*

- Polo que me dixeron moitos deles, non os magoaba moito, pero contribuía a desposuílos da última cousa que lles quedaba, o seu nome. De feito, xa só os chamaban por un número gravado para sempre, que debían dicir en alemán cando pasaban lista a todos os detidos reunidos pola mañá e pola noite na praza do campo, a miúdo durante horas. Non posuían nada da súa vida anterior, nin obxectos, nin fotos, nin roupas. “Xa nada nos pertence”, escribiu Primo Levi na súa crónica *Se isto é un home*, que publicou ao saír do campo e que poderías ler: “quitáronnos as roupas, os zapatos e mesmo o cabelo. (...) quitáronnos ata o noso nome; de querermos conservalo, teremos que atopar en nós a forza necesaria para que, tralo nome, subsista algo de nós, algo do que eramos”. Entraran noutro mundo. Isto é o que expresan moitos sobreviventes nos seus testemuños, pero probablemente foi Primo Levi quen mellor o dixo: “Imaxinemos agora un home privado non só dos seres que ama, senón tamén do seu fogar, dos seus costumes, da súa roupa; literalmente, de todo. De todo o que posúe: será un home baleiro, reducido ao sufrimento e á necesidade, desposuído de todo discernimento, esquecido de toda dignidade e, posto que non é raro que, cando se perde todo, se perda a un mesmo, tratarase dun home sobre cuxa vida

ou morte se poderá decidir ás toas, sen ningunha consideración de orde humana, de non ser, como moito, cun criterio de utilidade.

- *Non sabía que Berthe era alemá e que tivera que deixar o seu país en 1933, cando Hitler chegou ao poder.*
- Efectivamente, Berthe era alemá e a súa familia vivía igual cás outras familias alemás da mesma clase social. O seu pai era médico e traballaba nun hospital, rodeado de colegas. No momento en que Hitler e o seu partido, o partido nazi, chegaron ao poder, traduciron en actos o odio que sentían cara aos xudeus. Nun principio, o obxectivo de Hitler foi separalos dos outros alemáns, cortar un por un os fíos que os vencellaban á sociedade e á economía do país. Dende ese momento, os que se vían designados como xudeus xa non podían conservar o seu traballo, non tiñan dereito de iren á piscina, ao teatro ou a un concerto... os seus fillos tiñan que asistir a escolas separadas. Pero non todo foi tan sinxelo xa que entre os 500.000 xudeus que vivían en Alemaña só había unha minoría moi devota para a que ser xudeu repercutía no seu xeito de vivir. Por exemplo, para os sionistas, que estaban comprometidos nunha vida política xudía e que aspiraban a que o pobo xudeu vivise nun Estado de seu, en terra Palestina. Este estado, Israel, foi creado despois da guerra, en 1948.

Pero para os demais, que eran a meirande parte, seren xudeus non significaba nada porque estaban completamente integrados, non practicaban a relixión, non eran membros de ningunha asociación xudía nin sabían nada do xudaísmo. Algúns xudeus alemáns, ou ben os seus pais ou os seus avós, mesmo se converteran ao catolicismo ou ao protestantismo e moitos casaran con non-xudeus.

- *Daquela, os que xa non eran xudeus non corrían ningún risco...*
- Para Hitler, ser xudeu era pertencer a unha “raza” e se os teus avós eran xudeus, ti tamén o eras, quixéralo ou non, mesmo se xa te converteras ao catolicismo. Segundo a súa visión do mundo, esta “raza” tiña que desaparecer da grande Alemaña que el soñaba construír, integrando no seu Imperio, coa guerra se fose necesario, todos os países de lingua alemá, como Austria por exemplo, e sometendo os pobos eslavos, como os rusos, os ucraínos ou os polacos.

Dicía que Alemaña debía ser *Judenfrei*, liberada dos xudeus, ou *judenrei*, limpa de xudeus. Deste xeito, a “raza aria” podería instaurar o seu poder durante mil anos e rexenerar o mundo.

- *Os xudeus podían ter marchado de Alemaña, fuxir.*
- Algúns xudeus alemáns, privados dos seus medios de existencia e vítimas da violencia, emigraron, como os pais de Berthe, que viñeron a Francia, ou a familia de Ana Frank, da que liches o *Diario*, que marchou a Amsterdam. Pero en 1939, estourou a guerra e os nazis ocuparon unha grande parte de Europa, así que os capturaron.
- *Pero ti dis que algúns xudeus estaban integrados, que nada os distinguía dos outros alemáns.*
- Levas razón. Era imposible saber quen era xudeu: ata a Revolución Francesa, as cousas eran relativamente simples xa que ser xudeu supuña Tradición, unha tradición relixiosa que estruturaba todos os aspectos da vida social: o calendario, a xustiza, os matrimonios, o nacemento... os xudeus constituían entón unha “nación” que vivía á marxe dos outros. Despois, como se adoita dicir, “emancipáronse”, é dicir, convertéronse en cidadáns coma os demais, e mentres algúns conservaron as súas prácticas relixiosas, outros quixeron fundirse coa poboación dos países nos que vivían, así que, en principio, nada os distinguía dos outros alemáns ou dos outros franceses. Na túa clase, por exemplo, ti non sabes quen é xudeu, agás claro, se cho din os teus compañeiros ou se levan unha estrela de David, unha *kippa*¹, ou se non van á clase os sábados por respectaren o descanso obrigatorio do *shabbat*.
- *Entón, como fixeron os alemáns para saberen quen era xudeu?*
- Para saber quen era xudeu cumpriu que a administración alemá definise en primeiro lugar a quen consideraba xudeu, o que non foi cousa sinxela porque en Alemaña había moitos matrimonios mixtos. Logo, todos os alemáns tiveron que probar, elaborando cadansúas árbores xenealóxicas, ás veces remontándose ata o século XVII, que non tiñan devanceiros xudeus, é dicir, devanceiros que

¹ Unha kippa é o solideo (sombreiro) que utilizan os xudeus practicantes.

pertencesen á relixión xudía, que non foran bautizados nin na relixión protestante nin na católica. En cada país que ocupaba Alemaña –Austria, despois de marzo de 1938, logo Checoslovaquia, Polonia, Francia...- os nazis decretaron censar os xudeus. En Francia, por exemplo, dous meses despois de entraren en París, o 27 de setembro de 1940, ordenaron que todos os xudeus que vivisen na zona ocupada se presentasen na prefectura, é dicir, na comisaría de policía do seu barrio, tanto en París como no resto das cidades.

- *Por que?*
- Hoxe é difícil de comprender, pero era normal ir censarse porque así era a lei e ninguén se atrevería a imaxinar o que ía pasar. Francia é, como se soe dicir, un Estado de dereito, un país que ten leis que todos deben respectar. A administración francesa encargouse do censo. Cando eran franceses, os xudeus eran cidadáns coma os demais e cando eran estranxeiros tamén se beneficiaban da protección do país de acollida. Ademais, para os que seren xudeus non representaba nada, ir censarse era unha cuestión de dignidade. Por exemplo, Bergson, un gran filósofo moi famoso, o primeiro xudeu elixido na Academia francesa e que recibira o premio Nobel en 1927, que era católico no corazón aínda que non chegara a converterse, presentouse na comisaría de policía do seu barrio por solidariedade e dignidade. Daquela tiña oitenta anos e estaba moi enfermo. Morreu o ano seguinte.

- *E unha vez censados, que pasou?*
- Na rexión do Sena, que englobaba daquela París e as vilas da periferia, censáronse 149.734 persoas (85.664 franceses e 64.070 estranxeiros). Baixo orde dos alemáns, a policía elaborou catro ficheiros: por orde alfabética, profesión, enderezo e nacionalidade. Daquela non se sabía, pero eses ficheiros ían servir para os arrestos e, despois, para as deportacións e utilizáronos por primeira vez en maio de 1941.

Os alemáns decidiran arrestar os xudeus estranxeiros, só os homes, sobre todo polacos, como os teus bisavós, que recibiron unha convocatoria ordenándolles se presentar na comisaría do seu barrio. Alí subíronos en autobuses que os levaron á estación de Austerlitz e, de alí, a dous campos situados no Loiret, non moi lonxe de Orleáns, en Pithivers e Beaune-la-Rolande.

Isto repetiuse en agosto de 1941, pero con outro método: utilizando os ficheiros da comisaría, os alemáns escolleron o distrito XI de París, no que vivían moitos xudeus. Antes do amencer, fixeron que a policía francesa rodease o distrito e, durante todo o día foron buscar as persoas ás súas casas e a outros detivéronos na rúa. Como non daban reunido o número desexado –daquela moitos xudeus xa comprenderan que era mellor non quedar na zona ocupada polos alemáns e marcharan clandestinamente á zona libre –, continuaban detendo xudeus por todo París durante cinco días. Só detiñan os homes pero, desta volta, non soamente lles tocou aos estranxeiros, senón que tamén había franceses, como por exemplo avogados moi famosos. Conducíronos a todos, coma sempre en autobús, ata Drancy, o campo polo que pasaría Berta un ano despois.

- *Pero ti dixéchesme que Drancy non era exactamente un campo de concentración.*
- Drancy non se parecía a un campo tal e como ti o imaxinas. De feito, era unha vila da periferia sen rematar que nunca se habitara, composta por centos de vivendas repartidas en tres edificios que formaban un U, cun grande patio no medio e que non estaba preparada para recibir a case 4.000 homes. Ao principio, estáballes prohibido enviar cartas ou recibir paquetes e non tiñan nada que comer así que algúns, máis dunha trintena, morreron de fame. Ían morrer de fame nun país como Francia, aínda que fose durante a guerra, cando as fames desapareceran había máis dun século!

En decembro de 1941, os arrestos en masa atinxiron un grupo máis reducido de máis ou menos 700 persoas, todas elas personalidades importantes: avogados, funcionarios... en resumo, a elite da sociedade.

- *E só detiñan aos homes?*
- Si. Pero todo cambiou co terrible episodio da redada de *Vel' d'Hiv'*, da que xa che falei: baixo ordes alemás a policía francesa detivo en dous días a 13.000 persoas, pero desta volta sobre todo mulleres e rapaces e, aínda que houbo fuxidas volvendo da comisaría e moitos homes que se agocharon, as mulleres e os nenos non pensaban que ían ser detidos, así que ficaran nas súas casas. Conducíronos ao Velódromo de Inverno, no que pasaron días terribles, antes de seren transferidos aos campos de Loiret, a Pithiviers e Beaune-la-Rolande, de onde xa deportaran a Auschwitz os homes que detiveran en maio de 1941.

Despois, separaron as nais dos seus fillos. Foron escenas arrepiantes e a elas deportáronas.

- *Sen os fillos?*

- Os alemáns aínda non pensaran en deportar os nenos aínda que o xefe do Goberno, Pierre Laval, propuxera facelo, pero como cumpría agardar a resposta de Berlín, os nenos permaneceron nos campos de Pithiviers e Beaune-la-Rolande con algúns asistentes sociais. Despois conducíronos a Drancy e alí tocoulles o dos trens.

- *Para que?*

- Cando che contei a viaxe de Berta, díxenche que ao chegar a Birkenau uns poucos foran a pé ata os barracóns e que os outros, a maioría, puideran utilizar os camións. Estes camións levábanos a unhas estrañas instalacións nas que primeiro lles facían entrar nun vestiario para espilos e logo entraren no que parecían unhas duchas nas que os asfixiaban rapidamente cun gas mortal –o Zyklon B- que botaban polo tellado. Despois sacaban os corpos e queimábanos en grandes fornos crematorios. Adoita falarse destas instalacións como cámaras de gas , ás veces tamén crematorias é dicir, que eran as dúas cousas á vez.

Ao atoparen os planos destas cámaras, elaboráronse maquetas para algúns museos, como o que se abriu á fin da guerra en Auschwitz ou outro moi recente en Washington.

- *Quen facía este traballo? Os alemáns?*

- Á escolma que se facía na plataforma dos que entraban no campo porque se consideraban “aptos para o traballo” e os que ían directamente “ao gas”, como dicían os detidos, chamábaselle “a selección”. Facíana médicos alemáns, como tamén alemáns eran os que botaban o gas mortal. Porén, eran os detidos, reagrupados no que se chamaba o *Sonderkommando*, o “Comando especial”, os que se encargaban de queimar os corpos, aínda que non se dedicaban durante moito tempo a este traballo porque eles tamén acababan gaseados.

- *Porque os gaseaban se eran útiles, “aptos para o traballo”?*

- Para que non lle revelasen a ninguén ou que viran ao que se lle obrigara. Os alemáns non querían que se soubese.

- *Porqué había que gardar o segredo se ían morrer todos os xudeus do campo?*
- Para non chamar a atención e para que os deportados fosen máis dóciles. Esta arrepiante tarefa que levaba a cabo o *Sonderkommando* era un “segredo terrible”. Explicándoo o máis claramente posible, o máis tranquilamente posible, ben me decato de que, en realidade, explícoche ben pouco. Estouche a describir un proceso técnico pero non sei como dicirche que isto é inconcibible, que nunca na Historia, aínda que se masacrara abondo, se crearan fábricas co obxectivo de asasinar en cadea, que só en Birkenau, nun recunchiño tan pequeno da terra, houbo arredor –é moi difícil contar un por un- de 1 millón de persoas asasinadas. Un home que vivía no gueto de Varsovia e que, coma tantos outros, escribía un Diario, Abraham Lewin, narrou que andaba na boca de algúns que no gueto de Lodz, outra grande cidade de Polonia, asasinábanse os nenos de dez anos: “Á lingua élle difícil pronunciar tales palabras e á mente, comprender o seu significado ou escribilas nun papel.”

Sabes que a morte dun fillo é o máis terrible, o máis irreparable que lle pode pasar a alguén. Aprendiches de memoria en clase o poema que escribiu Víctor Hugo catro anos despois de que a súa filla Léopoldine afogase accidentalmente, *Mañá, dende a alba*, e impresionouche a súa dor inconsolable. Os massacres e as fames non reparan nos nenos pero Auschwitz foi outra cousa porque se trataba de erradicar un pobo enteiro, dende a súa descendencia, de perseguir a todos os seus fillos, estivesen onde estivesen, para asinalos e facer que este pobo desaparecese da terra para sempre.

- *Unhas veces dis Auschwitz, outras Birkenau...*
- Auschwitz é o nome do campo principal, aberto despois de conquistar Polonia para internaren nel os resistentes polacos ou a elite polaca –profesores ou curas, por exemplo. Era un campo de concentración como todos os que crearan os nazis dende que chegaran ao poder en 1933, para pecharen os que loitaran contra eles – os socialistas, os comunistas e algúns católicos, por exemplo- e tamén para aterrorizaren a toda a poboación. O primeiro destes campos de concentración creouse en Dachau, en Alemaña. Despois abríronse os de Buchenwald e, para as mulleres, o de Ravensbrück. En 1938, cando Alemaña anexionou Austria, os nazis abriron o campo de Mauthausen e, cando

anexionaron Alsacia, en 1940, crearon o campo de Struthof, preto de Estrasburgo. En Polonia instalouse o de Auschwitz, nos edificios de ladrillo que antes utilizara o exército polaco, dirixido polas SS.

- *Que quere dicir exactamente SS?*
- SS son as iniciais en alemán de *Schutz-Staffel*, que significa “escuadrilla de protección”. Ao principio era a garda persoal de Hitler, unha especie de policía privada para el e para o partido nazi. Despois de tomaren o poder, o grupo aumentou pero nunca chegou a ser moi numeroso; estaba composta por 250.000 homes totalmente adoutrinados e violentamente antisemitas. Baixo a dirección de Heinrich Himmler, o máis fiel colaborador de Hitler, crearon unha especie de Estado dentro do Estado e encargáronse sobre todo dos campos de concentración e da eliminación dos xudeus.
- *Entón Birkenau é outro campo de concentración?*
- Si e non. Prevendo o ataque da Unión soviética que tivo lugar o 22 de xuño de 1941, os alemáns arrasaron a aldea de Brzezinka, en alemán Birkenau, para alí abriren un vasto campo feito de barracóns de madeira. Como se atopaba a tres quilómetros ao noroeste do campo de concentración de Auschwitz, tamén se lle chamaba Auschwitz II. Alí detivéronse arredor de 15.000 prisioneiros soviéticos de guerra e morreron todos e deportaron, a partir de 1942, os xudeus de toda a Europa ocupada e construíron as enormes cámaras de gas-crematorios das que xa che falei.
- *Citas unha chea de nomes de campos de concentración e disme que Birkenau non é exactamente un campo de concentración. Que significa logo?*
- A miúdo, sobre todo en Francia, confúndense os campos de concentración e os lugares onde se asasinaban os xudeus. Díxenche que Berta fora deportada. Este termo, “deportado”, utilízase en Francia para designar a todos os enviados polos nazis aos diferentes campos, en Alemaña ou en Polonia. Depórtase tanto a un bebé detido na redada de *Vel’d’Hiv’* como por exemplo, á sobriña do Xeneral de Gaulle, Geneviève de Gaulle Anthonioz, que fora membro dun movemento de resistencia, a Ravensbrück. Tamén se utiliza este termo de “deportado” durante todo o século XIX para designar os condenados a prisión por razóns políticas,

como Albert Dreyfus ou Louise Michel así que como ves, non é unha palabra nova.

- *Entón, cal é a diferenza?*
- A grande diferenza radica no que acontece á chegada porque o único obxectivo de enviaren a estes lugares aos que ás veces se lles chama campos aos xudeus era matar a inmensa maioría. En calquera caso, o gran historiador americano, Raul Hilberg, prefire non utilizar os termos de “campos” ou “campos da morte” ou “campos de exterminio”, senón “centros de aniquilación” e eu penso que leva razón. O primeiro destes centros púxose en marcha en decembro de 1941, en Chelmo-sur-Ner – ou Kulmhof en alemán- , en Polonia, e despois abríronse os centros de aniquilación de Belzec, Sobibor e Treblinka, dos que case nunca falo porque case non houbo ningún supervivente que puidese testemuñar ou contar o que alí acontecera. Os nazis levaron alí en tren a milleiros de homes, mulleres e nenos, probablemente 2,7 millóns, só para gasealos; despois enterraban os corpos en fosas ou queimábanos en fornos crematorios. Así que non precisaban de grandes instalacións nin de moitos barracóns, porque estes lugares non albergaban os prisioneiros durante moito tempo. Porén, dous campos foron campo de concentración e centros de aniquilación ao tempo: por un lado, o de Majdanek e por outro, os de Auschwitz-Birkenau, entre os que non se pode establecer unha separación precisa, posto que os detidos circulaban entre un e o outro: Auschwitz era máis ben un campo de concentración e Birkenau, un centro de aniquilación.

- *Por que se fala sobre todo de Auschwitz?*
- Auschwitz é o máis famoso por diversas razóns: en primeiro lugar, porque alí é onde houbo máis mortos e, en segundo lugar, aínda que pareza un paradoxo, porque tamén foi onde houbo máis sobreviventes –resistentes de todos os países ou xudeus- que despois da súa liberación constituíron importantes asociacións e que ofreceron testemuños fundamentais.

Os campos de concentración foron lugares arrepiantes. No fundamental, os xeitos de entrar nun campo de concentración eran semellantes ás que viviu Berta, coa excepción de que en Auschwitz lles tatuaban un número na pel.

Os detidos pasaron fame e frío, a miúdo tiveron que traballar ata a extenuación ou ata a morte nas minas e nas fábricas e viviron humillacións extremas. Ao principio aí detíñanse aos alemáns da resistencia e aos testemuños de Xehová, que rexeitaban renegar da súa fe ou facer o saúdo hitleriano e, máis tarde, aos homes que se negaban a facer o servizo limitar ou ás mulleres que non querían traballar nas fábricas da guerra así como aos homosexuais. Aínda que a mortalidade nos campos de concentración durante a guerra foi arrepianete –un detido de cada catro nos mellores, como o de Buchenwald; un de cada dous nos peores, como o de Mauthausen-, nada permite hoxe en día afirmar que o obxectivo do internamento nestes campos fose a pura e simple exterminación.

- *Pero ti falas de 2.700.000 mortos gaseados e eu oio por aí que morreron 6 millóns de persoas..*
- O número de 6 millóns engloba a todos os xudeus que foron asasinados, por gas ou por calquera outro método pero os historiadores non se poñen de acordo: para algúns, son 5 millóns; para outros, 7. Cando a morte é así de masiva é ben difícil dar cifras exactas. O nome de Auschwitz acostuma servir como símbolo para designar a destrución dos xudeus de Europa e, como este episodio é o máis escuro de toda a historia do século XX, ás veces tamén serve para designar o mal máis extremo que o home pode facerlle ao home.
- *Tamén se fala de xenocidio.*
- Tes razón. É unha palabra recente, de 1944, inventada precisamente para designar a exterminación dos xudeus por un profesor de dereito internacional, Raphael Lemkin, que emigrara de Polonia aos Estados Unidos. Está composta pola raíz grega *Genos*, raza e do verbo latín *Coedere*, matar, e denomina o intento de facer desaparecer un pobo.
- *E holocausto?*
- Nos Estados Unidos só se utiliza a palabra “holocausto” pero a min non me gusta porque significa “sacrificio no lume” e pode levar a pensar que os xudeus se sacrificaron ou foron sacrificados a Deus. En 1985, o cineasta Claude Lanzmann produciu un filme abraiante no que os superviventes e os testemuños falaban desde os mesmos lugares de destrución. É unha película árida que dá boa conta do que foi a destrución dos xudeus e que dura máis de dez horas pero sería

absolutamente necesario que a vises cando sexas maior. Titúlase *Shoah*, que quere dicir “destrución” en hebreo e que é outro xeito de chamarlle ao xenocidio dos xudeus, que non se limitou a Auschwitz.

- *Acabas de explicarme que a palabra “xenocidio” inventárase para designar o que aconteceu cos xudeus na Europa nazi, pero adoito escoitala para falar doutros acontecementos, non?*
- É unha cuestión ben difícil. Cando os filósofos, os historiadores e mesmo os políticos fan diso non conseguen pórse de acordo, o que é normal. Raphael Lemkin, o profesor de dereito do que che falei, deu unha definición xurídica do xenocidio que había de servirllle á xustiza internacional e, dende 1948, as Nacións Unidas excluírono da lei internacional.

Para nosoutros, os historiadores, a palabra ten menos importancia cá comprensión dos fenómenos do pasado. De definirmos o xenocidio como a vontade dun poder ou dunha parte deste poder, -mesmo se é difícil separar a decisión do seu autor-, de destruír un pobo, creo que podemos cualificar de xenocidios outros dous acontecementos da historia do século XX: en primeiro lugar, o masacre dos armenios por parte dos turcos en 1915, durante a Primeira Guerra Mundial e, máis recentemente, a dos Tutsis por parte dos Hutus en Ruanda, África.

- *Volvendo á guerra, os xudeus eran os únicos que tiñan que morrer?*
- Os xudeus non foron os únicos que morreron nas cámaras de gas, senón que tamén había xitanos que pecharan durante o *III Reich* nos campos de concentración e nos guetos e que así mesmo transferiran aos campos de aniquilación. En 1942 abriuse en Birkenau o “campo das familias”, trinta e dúas barracas nas que reagruparon en familias a preto de 20.000 persoas. A noite do 1 ao 2 de agosto de 1944, homes, mulleres e nenos, todos, foron enviados á cámara de gas.
- *Como morreron os que non asasinaron nas cámaras de gas?*
- O xenocidio dos xudeus ou a “Solución final da cuestión xudía” se empregamos a terminoloxía dos propios nazis, non se limita nin a Auschwitz nin aos campos de aniquilación.

- *E logo que máis?*
- Xa che expliquei que polo que respecta aos xudeus, o primeiro obxectivo dos nazis era facelos desaparecer do III Reich e nun principio obrigáronos a marchar. De 1933 a 1939, os xudeus puideron marchar de Alemaña e Austria ou da parte anexionada de Checoslovaquia, abandonando todas as súas pertenzas. O seu principal problema foi logo atopar un país onde se refuxiar: os Estados Unidos pecharan as súas portas dende o final da guerra do 14-18 e, coa crise económica que asolagaba Europa nos anos trinta, todos os países, uns detrás doutros, pecháronse á inmigración. En 1939 só quedaba un lugar que aceptaba acoller os xudeus: Shangai, a meirande vila de China! Así que os xudeus estaban atrapados nunha rede. Dende o principio da guerra, os alemáns tiñan previsto crear en algures unha especie de reserva para os xudeus. Primeiro pensaron na illa de Madagascar, que daquela era unha colonia francesa e, de teren asinado un tratado de paz con Francia, os alemáns terían deportado á illa a preto de 4 millóns de xudeus baixo a vixilancia das SS, pero o tratado non chegou a asinarse. Despois da invasión de Polonia, en setembro de 1939, pensaron en constituír unha reserva preto de Lublin, en Nisko, Polonia e comezaron a deportar os xudeus en condicións tan arrepiantes que morreron por centos pero, a partir de febreiro de 1941, prohibíuselles aos xudeus abandonar o III Reich.
- *Entón non podían fuxir?*
- Coa invasión de Polonia polo exército alemán, caeron no poder nazi 3 millóns de xudeus. Os xudeus constituían o 10% da poboación de Polonia pero nalgúns vilas e aldeas acadaban preto da metade da poboación e a inmensa maioría non estaba “asimilada” como os xudeus de Alemaña ou Francia, senón que formaban o que se chama unha “minoría nacional” con algúns dereitos culturais, como o de aprenderen na lingua de seu, o *yidish* ou o de estaren representados por todo tipo de partidos políticos, tanto nos concellos como no parlamento e, de súpeto, os alemáns crearon os guetos.
- *Que é exactamente un gueto?*
- Hoxe empregamos esta palabra para designar os barrios dunha vila habitados por unha poboación minoritaria, cunhas condicións de existencia difíciles, como os negros no barrio de Harlem en Nova York, ou mesmo algunhas vilas das aforas,

en Francia. Pero en Polonia os guetos parecíanse máis aos da Idade Media, é dicir, barrios completamente illados. Os alemáns forzaron os xudeus a habitar estes barrios separados do resto da vila “aria” –non xudía- por medio de aramados ou, no caso do gueto máis importante de todos, o de Varsovia, por muros. Obrigaron os habitantes dos pobos a amorearse nestes guetos das grandes cidades, onde logo tamén enviaron os xudeus de Alemaña e os xitanos. Os xudeus tiveron que organizarse entre eles coma se estivesen nunha especie de pequeno estado independente, pero desprovisto de todo.

- *E como se organizaron?*
- Os alemáns ordenáronlles elixir os que serían os membros do goberno do gueto, o Consello xudeu ou *Judenrat*, que debía aloxar e alimentar á poboación, organizar o traballo, ocuparse da hixiene, así como facer respectar, coa axuda da súa propia policía, as ordes dos alemáns. A algúns dos que chegaron a ser presidentes do *Judenrat* subiulles á cabeza o poder outorgado, como Rumkowski, en Lodz, que se cría o rei dos xudeus e acuñou unha moeda coa súa efixie. Pero isto foi unha excepción porque os outros creron que, grazas a ese poder, serían quen de salvar unha parte dos xudeus facéndoos traballar para os alemáns: o traballo destas xentes sería tan útil que os alemáns se habían de ver na obriga de mantelos con vida, pero o certo é que era unha situación imposible. Que cumpría facer? Deixar o seu pobo en contacto directo cos nazis sen ningunha organización? Tentar organizar a vida, mellor dito a supervivencia, o menos mal posible? Houbo algúns que mesmo acusaron aos que formaron parte dos *Judenräte* de colaborar cos alemáns na exterminación do seu propio pobo.

- *E foi así?*
- Se reflexionamos, temos a sensación de que unha vez pechadas as portas dos guetos, xa case nada máis era posible e que os dirixentes xudeus se atoparon nun impás no que, fixesen o que fixesen, dalgunha maneira habían ser culpables. Non había solución porque a fin de contas, todo o mundo estaba condenado á morte.

As condicións de vida nos guetos eran terribles porque así o quixeran os alemáns. Por exemplo, en Varsovia, en 1941, había arredor de 550.000 persoas amoreadas en 403 hectáreas, en cada piso vivían quince persoas polo menos, é

dicir, seis ou sete en cada cuarto. Os alemáns só permitían que a comida entrase de raro en raro, así que a fame sentiuse duramente e o tifo, unha enfermidade acotío mortal propagada polas pulgas, fixo estragos. Entre xaneiro de 1941 e xullo de 1942, morreron 61.000 persoas só no gueto de Varsovia; en total, foron 600.000 as persoas que morreron de fame en todos os illamentos e nas rúas aparecían cadáveres extremadamente delgados a diario.

Porén, a vida organizouse. Os militantes de diversas asociacións, decote vencellados a partidos políticos, crearon dispensarios, orfanatos, centros para os refuxiados ou comedores populares. Os oficios relixiosos celebrábanse ás agachadas. Funcionaban bibliotecas, teatros e mesmo unha facultade de medicina clandestina, pero tamén os houbo que se enriqueceron grazas ao mercado negro e que se divertían nos cabarés.

- *Como se sabe de xeito tan preciso o que viviron?*
- É un fenómeno único na historia: as persoas que estaban presas nos guetos escribían e arquivaban. Chaïm Kaplan, un profesor preso no gueto de Varsovia que non sobreviviu, explica así por que gardaba o seu Diario poñendo a súa vida en perigo: “teño o profundo sentimento da grandeza dos tempos que vivimos, da miña responsabilidade para con eles, e teño a íntima convición de que así cumpro cun deber para coa historia que non teño dereito a rexeitar. (...) o meu diario será unha fonte da que se servirán os historiadores futuros.” Emmanuel Ringelblum, un historiador noviño, tamén preso, constituíu equipos encargados de recoller todos os documentos producidos no gueto, meteunos en bidóns metálicos e enterrounos. Despois da guerra, escavando nas ruínas do gueto de Varsovia, atopouse o máis esencial deses arquivos.
- *Seica atopas todo isto ben importante. Por que?*
- Os nazis querían borrar a todo un pobo da terra, mesmo o seu recordo. Un historiador, Ignacy Schiper, asasinado en Majdanek, explícao moi ben: “(..) todo depende dos que transmitan o seu testemuño ás xeracións vindeiras, dos que escriban a historia desta época porque polo xeral, a historia escríbena os vencedores. Todo o que sabemos dos pobos asasinados é o que os asasinados tiveron a ben dicirnos. De acadaren os nosos asasinados a vitoria, de escribiren a historia desta guerra, presentarán o noso exterminio como unha das máis

fermosas páxinas da historia mundial e as xeracións vindeiras homenaxearán a coraxe destes cruzados. Cada unha das súas palabras será palabra de Evanxeo. Así que tamén poden decidir borrarlos completamente da memoria mundial, coma se non tivesemos existido xamais, coma se nunca houbera xudaísmo polaco, ou gueto de Varsovia ou Majdanek.”

- *Uns morreron nos guetos e outros polo gas pero sigo sen entender a cifra de 6 millóns.*
- Os xudeus foron asasinados en masa durante a invasión da Unión soviética por parte do exército alemán, a chamada *Wehrmacht*, en xuño de 1941 e, acompañándoa, había uns pequenos comandos especiais constituídos por uns cantos SS que tiñan como misión masacrar os responsables comunistas e os xudeus porque o odio que os nazis lles tiñan os comunistas era semellante o que sentían polos xudeus. E, aínda que ser comunista -ou bolxevique como dicían eles- eran a miúdo igual ca ser xudeu, había unha diferenza entre os xudeus e os responsables comunistas, tal e como o explica o propio Ohlendorf, á cabeza dun destes grupos que asasinaron 90.000 persoas: “A orde prescribía que a poboación xudía debía ser completamente exterminada”, declarou, precisando que non “tivera noticia de que se investigase a familia dun comisario soviético”.

- *Que tiñan que facer exactamente?*
- Cando estes grupos especiais chegaban a algures, reunían a toda a poboación xudía na praza do pobo; logo levábanos fóra da vila, a algún lugar illado no que cavarán unha ou varias fosas. Prefiro deixar que o conte Abraham Aviel, o único supervivente da súa familia: “comezaron a conducir os xudeus en dirección á fosa, en ringleira, grupo por grupo. Ordenáronlles espirse e, mentres subían aos noiros, escoitábanse refoadas de disparos e caían na fosa. Nenos, mulleres, unha familia detrás doutra. Familia por familia.”

Este tipo de masacres durou practicamente ata a fin da guerra, pero sobre todo entre finais de xuño e decembro de 1941. Deste xeito masacraron 700.000 xudeus polo menos.

- *Como hai homes que lles puidesen facer algo así aos nenos?*

- Esta pregunta formulouse moitas veces e eu sígoa facendo. Sobre todo tendo en conta que, nalgúns casos, o comandante lles propuxera aos soldados que non desexaban participar nos massacres seren transferidos a outra unidade e que moi poucos aceptaron. Para algúns historiadores todo iso só se pode comprender nun contexto de guerra, no que a violencia está presente en todas partes, no que a morte convértese en algo banal. Outros explican esta capacidade de masacrar polo feito de que o home non se quere desolidarizar do seu grupo ou que non quere parecer inferior, por exemplo. Hainos que o explican pola obediencia á autoridade, e citan un experimento levado a cabo polo científico Stanley Milgram, nunha universidade dos Estados Unidos, para probar a capacidade do individuo de se resistir á autoridade: o doutor requiriu voluntarios para levar a cabo un suposto experimento científico segundo o cal unha “autoridade científica” lles encargaba a estes voluntarios inflixirlle descargas eléctricas a unha vítima, que en realidade, era un actor. Canto máis intensas eran as descargas, máis xemía, berraba e pedía axuda a “vítima” e, ao final, calaba e simulaba estar morta. Dous de cada tres voluntarios, homes e mulleres correntes, coma ti ou coma min, inflixíronlle descargas que eles crían mortais a unha persoa que non coñecían, sen ningún tipo de piedade cara á súa vítima, unicamente por obedeceren a unha “autoridade”, neste caso, científica.
- *Ti cres que todo o mundo é capaz de masacrar a calquera, só porque un superior llo pida?*
- Non, non todo o mundo. De feito, no experimento de Milgram, houbo algúns que rexeitaron chegar ata o final. Tamén hai outra explicación: algúns pensan que os massacres se explican pola intensidade da propaganda antisemita, que comparaba os xudeus cunha praga así que, eliminalos non era matar persoas.
- *Os que o facían non se sentían culpables, non tiñan remorsos?*
- O que está claro é que masacrar así non é doado, cando menos a primeira vez. A meirande parte das veces os homes beberan e seguían bebendo despois do masacre. O que explica por que se pasou dos massacres por fusilamento diante das fosas cavadas preto das aldeas ás cámaras de gas industriais nos campos de Polonia é a preocupación que se tiña pola saúde mental destes homes, polo risco de os transformaren en puras máquinas deshumanizadas. Como xa che dixen, en

decembro de 1941 foi a primeira vez que se asasinaron xudeus con gas, en camións preparados para iso. O obxectivo que se buscaba con este método era afastar a vítima do seu verdugo, que deste xeito non a mataba coas súas propias mans e mantiña a ilusión de ser inocente, de non ter as mans manchadas de sangue.

- *Era a primeira vez que se utilizaban este tipo de métodos?*
- Si e non. O gas xa se utilizara nunha vasta operación de eutanasia levada a cabo por Hitler xa que, para el, os enfermos mentais custábanlles moi caros á sociedade. Ademais, de procrearen, suporían unha ameaza para a “raza”. Mesmo antes de chegaren ao poder, xa esterilizaran a homes e mulleres mestizos, por exemplo, os fillos das parellas alemás e senegaleses que ocuparan a rexión do Ruhr despois da Primeira Guerra Mundial. Hitler tamén dera orde de matar os enfermos mentais, porque consideraba que tiñan “unha vida indigna de ser vivida”, de tal xeito que o poder político podía decidir quen debía vivir e quen debía ser borrado da face da terra. Algunhas investigacións indican que arredor de 200.000 destes enfermos morreron en total secreto, a miúdo nos camións de gas. Esta operación remata en 1941, cando por fin deron en protestar os curas católicos. Cómpre subliñar que os mesmos homes que levaron a cabo a operación de eutanasia foron os que comprobaron o funcionamento dos primeiros centros de aniquilación de xudeus.
- *Hitler quixo matar a todos os xudeus desde que chegou ao poder?*
- Non. A aniquilación dos xudeus de Europa empeza a ser sistemática arredor de 1941 ou 1942, así que non se trataba de matar os xudeus que viven na Polonia ocupada ou na Unión soviética, dalgún xeito ao alcance da man, senón a todos os xudeus de Europa. O 20 de xaneiro de 1942 reúnen en Wannsee, nas aforas de Berlín, os representantes dos grandes corpos do estado implicados na “Solución final do problema xudeu”: o ministro do Reich nos territorios ocupados do Leste, o ministro do Interior, de Xustiza de Asuntos Exteriores... sábese moito desta conferencia porque se conservan as actas. Vouche citar un anaco suficientemente claro, aínda que a linguaxe, como era habitual cos nazis, estea codificado para preservalo en secreto: “Baixo unha dirección autorizada, os xudeus deben ser transferidos –na perspectiva dunha solución final- ao Leste

para seren forzados a traballar. Constituíranse grandes compañías de traballadores, separados por sexos. Os xudeus aptos para o traballo serán levados a estas rexións para traballaren facendo estradas. Naturalmente, cómpre prever que se producirá unha eliminación natural –pola morte- dunha proporción importante destes efectivos. O elemento natural que sobreviva será considerado e tratado como resistente, e constituirá unha selección natural. A posta en liberdade destes individuos suporía o perigo de formar un núcleo de nova reedificación xudía.”

- *Falando claro, como o traducirías?*
- Isto significa que aqueles que non morresen debido ás condicións de traballo, os máis resistentes, habían ser eliminados por outros medios, xa que temían que renacese o pobo xudeu.

- *Así que non foi casualidade que a redada do Vel’ d’Hiv’ se producise en xullo de 1942.*
- Se tivesemos que elixir o mes máis terrible de toda a guerra, sería sen dúbida o mes de xullo de 1942 xa que practicamente ao mesmo tempo que a grande redada do Vel’d’Hiv’, as SS organizaron a gran deportación dos xudeus de Varsovia para o que requiriron o apoio do xefe do *Judenrat*, Adam Czerniakow. Este home tamén escribía un Diario no que anotaba o que pasaba no gueto e o 22 de xullo de 1942 escribiu: “Cortáronnos o teléfono e botaron os nenos da gardería da comunidade. Dixéronnos que ían evacuar cara ao Leste a todos os xudeus, sen excepción de idade nin de sexo, que hoxe xa debiamos enviar un continxente de seis mil persoas antes das 16 horas e que isto se había repetir todos os días.” Ao día seguinte, Czerniakow suicidouse porque comprendeu que o que os alemáns chamaban a “reinstalación no Leste” era en realidade a morte e deixoulle esta nota á súa muller: “queren que mate coas miñas propias mans os fillos do meu pobo.”

- *Así que os deportaron sen o xefe do Judenrat.*
- O gueto baleirouse sen Czerniakow a un ritmo de 5.000 a 7.000 persoas cada día para o que se habilitou unha estación preto do gueto da que partían os trens cara ao centro de aniquilación de Treblinka, a cento vinte quilómetros de Varsovia, mentres que os que saían de Francia, dos Países Baixos ou de Bélxica ían xuntos cara a Auschwitz.

Esta deportación dos xudeus de Varsovia durou sete semanas e, aínda que tampouco temos cifras exactas, estímase que en Treblinka gasearon entre 265.000 e 310.000 xudeus de Varsovia.

- *Non dou entendido por que se deixaron coller, por que non se resistiron.*
- Houbo quen dixo que os xudeus se deixaron “levar como os anos ao matadoiro” pero estes mortos non merecen tanto desprezo e hai que tentar situarse no contexto da época aínda que é ben difícil porque, en primeiro lugar, os xudeus non sabían que os nazis querían matalos. Desposuíronos de todos os seus bens, ás veces coa complicidade dun goberno colaborador, como o de Francia por exemplo, e metéronos en guetos como os de Polonia, así que non eran conscientes da engrenaxe que se puxera en marcha nin en que remataría todo aquilo. Mesmo de o sospeitaren polos rumores que lles chegaban, non o habían crer do inverosímil e monstruoso que lles parecería. Ademais, como ían ser conscientes se os mesmos alemáns non lle deran un contido preciso ao que eles chamaban a “Solución final”? Como xa che dixen, durante un tempo soñaron con que o Reich quedase *Judenrei* ou sexa, limpo de xudeus grazas á emigración.

- *E cando decidiron que a “Solución final” fose simplemente a exterminación?*
- Como non existe unha orde escrita por Hitler, os historiadores non se poñen de acordo. Para algúns, foi en xuño de 1941, durante a invasión da Unión Soviética; para outros, tratábase dunha especie de solución que se podería denominar “rexional”: primeiro eliminar os xudeus soviéticos, despois os de Polonia e, por último, a partir da conferencia de Wannsee, todos os xudeus de Europa susceptibles de caeren nas súas mans. O que é certo é que cando censaron os xudeus de Francia e pecharon os de Varsovia no gueto amurallado, aínda non decidiran exterminalos. Nós coñecemos a fin desta historia e interpretamos cada elemento en función dela pero os que viviron aquela época non sabían como ía rematar todo! Debían imaxinar como sería o día seguinte sen teren información, sen xornais, sen radio, abandonados aos rumores máis contraditorios. De saberen, como nós sabemos hoxe, que ían utilizar os ficheiros para detelos, sería doado censalos? Responde ti mesma a esta pregunta.

- *E logo que sabían? Que informacións circulaban?*
- É moi difícil decatarse do que se sabía naquela época porque dependía moito do lugar: por exemplo, nas poboacións nas que se abriran os centros de aniquilación de

Polonia as novas circulaban moi rápido pero nin alí a xente daba en crelo. En Francia probablemente fose máis lento aínda que houbo homes e mulleres que se arriscaron para pasar información e efectivamente avisaron a moita xente da redada de *Vél'd'Hiv'* grazas a novas que procedían mesmo da policía. De feito, os alemáns previran deter 30.000 xudeus en dous días e “só” puideron deter a 13.000, o que xa é terrible abondo e como ata ese momento só colleran os homes, as mulleres, pensaban elas, e os seus fillos estarían a salvo, por iso aquel día colleron sobre todo a mulleres e nenos.

- *E non podían escapar das redadas?*

- Tiñan a opción de pasar a fronteira ilegalmente pero non sempre lles era doado, dependía do país: en Francia, por exemplo, cumpría facerse con papeis falsos e ter cartos para pagarlle a unha persoa que che axudase a atravesar clandestinamente a liña de demarcación que separaba a zona ocupada da zona libre e para os estranxeiros que falasen mal o francés ou que tivesen moito acento era particularmente perigoso. Ademais, cumpría alimentarse e alimentar a familia así que canto máis pobre foses, canto menos tiveses aforrado, máis difícil che resultaba. De calquera xeito, moitos xudeus sobreviviron grazas á axuda do resto da poboación: 75.000 dos 330.000 xudeus que vivían en Francia en 1939 morreron deportados, o que quere dicir que catro de cada cinco xudeus se salvaron; Berthe forma parte deses 2.500 xudeus deportados que sobreviviron a Auschwitz. En Polonia, onde morreron arredor de 3 millóns de xudeus, era practicamente imposible agocharse porque a poboación era profundamente antisemita, pouco partidaria de agochar xudeus. Ao igual que en Alemaña, en Polonia consideraban que había unha “cuestión xudía” que había que resolver e a moitos dos polacos oprimidos polos nazis non lles molestaba que arranxasen este problema, porque para eles era un problema que houbese moitos xudeus no país. Por outro lado, a lei alemá aplicada en Polonia era máis dura cá de Francia e se un católico polaco que agochaba un xudeu era descuberto, sería executado no acto xunto canda todos os que vivisen con el.

- *E os xudeus resistiron?*

- Pénsao ben: o que é asombroso é que puideron resistir. Os historiadores, aos que ves que lles encanta debater aínda que estean de acordo na materialidade dos feitos, discutiron abondo para definiren o que foi a resistencia xudía. Algúns pensan que hai que entender a palabra “resistencia” no seu sentido estrito, como cha aprenden en clase

de física: unha resistencia é unha forza que se opón a outra, o que significa que para os xudeus resistir era simplemente loitar para sobrevivir, opoñer a forza da vida á da vontade de matar. Por exemplo en Francia houbo organizacións como a *Obra de Auxilio á Infancia (OSE)* que salvou moitos nenos.

- *E como fixeron?*

- Cumpría proporcionarlles papeis falsos e atopar mulleres novas que os levasen a lugares seguros, xunta familias da aldea ou a conventos. Rexións francesas como a de *Cévennes* ou algunhas aldeas da meseta central como *Chambón-sur-Lignon* convertéronse en verdadeiros refuxios xudeus. En cambio, en Polonia as primeiras chamadas de axuda producíronse despois da deportación de Varsovia, no verán de 1942.

- *Por que foi máis difícil axudar aos xudeus de Polonia?*

- A vontade de salvar os xudeus non estaba demasiado estendida entre a sociedade polaca. A escritora Zofia Kossak-Szczucka, daquela moi famosa en Polonia, redactou esta protesta: “o que cale diante do asasino convértese no seu cómplice. O que non condena, aproba.” En Polonia nada lles era favorable aos xudeus, a ocupación alemá foi brutal e as elites polacas eran sistematicamente apreixadas, enviadas aos campos de concentración ou fusiladas. Pero aínda que a situación dos polacos era dunha grande precariedade, creouse un comité de axuda aos xudeus no que se reagrupaban os responsables dos partidos políticos xudeus e dos partidos políticos polacos. Este comité distribuíu cartos e axudou a 8.000 xudeus a se agochar dándolles papeis falsos ou atopándolles refuxios, o que era moi difícil, para o que construíron agochos increíbles nas adegas ou tras falsas paredes das vivendas. Esconderon arredor de 2.500 rapaces en conventos e outros 1.300 en familias polacas e aínda que estas cifras son irrisorias se as comparamos cos 3 millóns de mortos que houbo, permítennos reflexionar sobre esta forma de heroísmo tan particular e discreta dos homes e mulleres que sinxelamente cumpriron co seu deber de seres humanos. En tempos inhumanos, ás veces, o heroísmo consiste no simple feito de se comportar humanamente .

- *Por iso todos os “centros de aniquilación” estaban en Polonia?*

- Non creo. Supoño que os escollerían por unha cuestión práctica, xa que naquela zona vivían moitos.

- *Así que para os xudeus, resistir era sobrevivir e axudar os outros a sobreviviren.*
- Non só iso. Algúns participaron en grandes movementos de resistencia armados, como o teu avó Étienne que se uniu, primeiro en Grenoble e despois en Lyon, aos grupos armados dos francotiradores partisanos do que se chamaba a *MOI*, a *Man de Obra Inmigrante* aínda que non eran verdadeiramente estranxeiros porque naceran en Francia e falaban francés de seu. Xunto cos seus compañeiros da escola municipal de *Belleville* loitou contra o ocupante nazi descarrilando trens ou organizando atentados, pero cando falamos con el de todo isto, sempre expresa o mesmo pesar: o de non se ter batido para salvar os nenos xudeus da deportación. Por iso agora, na xubilación, ocúpase máis de colocar placas conmemorativas nas paredes das escolas de *Belleville* que da memoria da Resistencia, para que non se esquezan os nomes dos nenos xudeus que morreron na deportación.

- *E en Polonia?*

- Algúns loitaron nos campos ou nos guetos, nos que houbo varias revoltas, das que a máis famosa é a insurrección do gueto de Varsovia. Recordas que che dixen que no verán de 1942 os nazis baleiraran o gueto da meirande parte da súa poboación por mor das grandes deportacións, polo que o gueto minguara e só quedaban arredor de 40.000 habitantes traballando nos grandes talleres do exército alemán. Pero produciuse un cambio de talante: durante a deportación cada un estaba preocupado da súa propia supervivencia e da dos seus e no outono de 1942, cando todo o mundo comprendeu a terrible realidade de que a deportación, a “reinstalación no Leste” era a morte, cobrou forma a idea dunha resistencia armada e creouse a organización xudía de combate, dirixida por un home ben noviño, Mordechai Anieliewicz, que só tiña vintecatro anos. O seu compañeiro Marek Edelman, o único que aínda vive, escribiu: “sopesaba exactamente as oportunidades deste combate desigual, prevía a destrución do gueto e das tendas, e estaba ben claro que nin el nin os seus combatentes sobrevivirían á liquidación do gueto, que morrerían coma cans, sen teren onde caer mortos e sen que ninguén soubese onde estaban as súas tumbas.”

- *E como fixeron para loitar?*

- Precisaban de armas pero como a resistencia polaca non se fiaba deles só llelas proporcionaban aos poucos: primeiro dez revólveres, despois corenta e nove... en total, uns sesenta. O 18 de xaneiro de 1943, os alemáns entraron no gueto para deportaren a

8.000 xudeus. Dende unha ringleira destes deportados que se dirixían cara á estación, prodúcense varios disparos que feren e matan algúns alemáns. Houbo outros grupos que actuaron por sorpresa no gueto, polo que os alemáns tiveron que renunciar a facer máis redadas o que supuxo unha vitoria para a organización xudía de combate. Daquela os alemáns, que xa sabían que os xudeus non marcharían do gueto voluntariamente, deciden “liquidalo” –para usarmos a súa terminoloxía- e organízanse como para unha batalla militar: o 19 de abril de 1943, ás dúas da madrugada, soldados e policía rodean o gueto; ás 5 da madrugada, intérganse en pequenos grupos nos torreiros do arredor. Ás sete, avanza en dúas columnas cinguidas a paso cadencioso polas rúas aparentemente desertas. Destas, a primeira columna, que marcha cantando, é atacada e bátese en retirada, pero a segunda tenta tomar posicións no mesmo corazón do gueto. Entón os grupos de combate abren lume e os alemáns repréganse. Neste primeiro ataque prodúcense doce mortos e feridos do seu lado e ás catorce horas xa non había nin un alemán no gueto. Ao día seguinte volven iniciarse os ataques. O xeneral das SS que comanda as tropas cambia de táctica: quere tomar as casas do gueto unha por unha, pero os combatentes, que coñecen todos os lugares como as palmas das mans, agóchanse nos tellados e nos refuxios. Tres oficiais alemáns desarmados e cunha bandeira branca tentan negociar un alto o fogo para evacuar os seus dous mortos e oito feridos. Imaxina o que puido representar isto para os combatentes: un grupo de civís noviños e famentos contra o exército máis poderoso de Europa!

- *Pero ao final, os alemáns deron arrasado o gueto!*

- Si. O terceiro día, os alemáns infiltráronse no gueto en pequenos grupos e incendiaron as casas con lanzachamas. Os combates duraron quince días. O 8 de maio, o cuartel xeral da organización xudía de combate, instalada nun refuxio subterráneo fortificado, queda rodeado pero ninguén quere renderse. A meirande parte dos combatentes suicídase, entre eles o xefe, Mordechai Anieliewzc. O 16 de maio de 1943, o xeneral das SS ordena estourar a grande sinagoga de Varsovia e anuncia a fin do barrio xudeu. Así foi como morreron os derradeiros 500.000 xudeus amoreados no gueto.

- *Non quedou nada do gueto!*

- Aos nazis non lles abondaba con facer desaparecer os xudeus, senón que tamén había que borrar todas as pegadas da súa presenza. En xullo de 1943, instalaron un

pequeno campo de concentración onde antes estaba o gueto e transferiron alí arredor de 3.000 detidos de Auschwitz coa misión de recuperaren todo o que os xudeus deixaran tras deles pero sobre todo, para retiraren os cascallos porque non querían que subsistise nin o máis mínimo resto do gueto. Este lugar no que os xudeus viviran durante séculos había ser substituído por un parque. Dende o punto de vista militar e de comparármolo con grandes batallas como a de Stalingrado, a insurrección do gueto de Varsovia é unha anécdota, pero é un fermoso símbolo de resistencia, mesmo se a fin era a morte.

- *Faláchesme de persoas correntes que axudaron aos xudeus, pero as grandes potencias non fixeron nada?*

- Hoxe sabemos que os Aliados, o británico Churchill e o norteamericano Roosevelt entre eles, foran informados do que pasaba puntualmente en Polonia e por diferentes medios, como os correos da resistencia polaca, que forneceron de informacións a Londres, ou o representante do Congreso xudeu mundial en Xenebra, Reigner, que detallou o que pasaba nos centros de aniquilación. Porén, os Aliados non quixeron ou non puideron facer nada para salvar os xudeus, por múltiples razóns.

- *Cales?*

- En primeiro lugar, porque ninguén quería acoller os que se salvaran e, en segundo lugar, porque consideraban que nada debía desvialos do seu obxectivo, que era gañar a guerra. Simplemente pensaban que coa vitoria os xudeus serían liberados coma os outros pobos!

- *E logo non tiñan razón?*

- Si e non. De feito había dúas guerras: unha que opoñía as nacións entre elas, con cadanseus exércitos e outra, a dos nazis contra os xudeus, no seo da propia guerra mundial. Aínda perdendo a guerra, Hitler estaba satisfeito de ter limpado Europa de xudeus pero isto foi algo que os Aliados non quixeron ver malia as informacións que lles chegaban, nin os soviéticos, nin os americanos nin os demais. Non era o seu problema.

- *E cando se decataron de todo?*

- Cando o exército aliado entrou en Alemaña descubriu por casualidade os campos de concentración e o estado no que se atopaban os sobreviventes: eran esqueletos coa mirada perdida.

- *Por casualidade?*

- Si, por casualidade. Aínda que se sabía da existencia dos “antigos campos”, os que había antes do conflito, e aínda que se filtraran algunhas novas durante toda a guerra, como xa che expliquei, o exército aliado non previra liberar detidos dos campos nin reflexionara sobre o seu posible estado, de feito continuaron a morrer mesmo despois da liberación porque non foran alimentados de xeito apropiado. Durante un breve período de tempo, os americanos e os ingleses animaron á prensa a dar conta dos horrores dos campos de concentración.

- *Campos de concentración? Pero se ti me explicaches que o xenocidio non se limitaba aos campos de concentración.*

- Tes razón. A toma de conciencia do xenocidio foi moi lenta. O primeiro momento importante foi o xuízo contra Adolf Eichmann, que tivo lugar en Jerusalem en 1961: Eichmann fixera emigrar os xudeus de Austria e de Praga antes do estourido da guerra; durante a guerra encargouse das deportacións e despois emigrara a Arxentina, onde o atoparon agochado os servizos secretos israelís e logo o levaron a Jerusalem. Foi un xuízo famoso que durou meses e no que máis de cen sobreviventes testemuñaron sobre todas as fases do xenocidio. Podemos dicir que foi aquí cando se tomou conciencia do que pasara en Auschwitz pero houbo que esperar máis de quince anos e só chegou a entenderse e valorar o destino concreto que lles estivera reservado aos xudeus.

- *Xulgárono porque era o único culpable? Unhas veces dis alemán, outras nazi...*

- Inmediatamente despois da vitoria, as catro grandes potencias gañadoras, Estados Unidos, Reino Unido, a Unión soviética e Francia, organizaron un gran xuízo: os xuízos de Nuremberg, no que se xulgaron a uns vinte grandes criminais, é dicir, homes que dirixiran o Estado nazi. Na Alemaña que ocuparan estas catro grandes potencias celebráronse moitísimo xuízos -daquela falábase de “desnazificación”- para eliminaren os antigos nazis dos postos importantes. De todos os xeitos, a miúdo esquecíase do que lles fixeran aos xudeus, e só a partir do xuízo contra Eichmann

comezouse a falar dos crimes perpetrados no Leste, na URSS e en Polonia, e abríronse varios procesos xudiciais.

Durante moito tempo os alemáns razoaran así: “por unha banda, estaban os nazis, responsables de asasinatos en masa, sobre todo de xudeus; por outra, o exército alemán, seguindo a grande tradición do exército prusiano, que loitara segundo as regras da guerra, unha *Wehrmacht* “pura”, “limpa”, indemne de toda ideoloxía nazi, semellante a calquera outro exército.” Pero unha exposición inaugurada recentemente sobre os crimes do exército alemán amosa que tamén este participara nos masacres, o que produciu un gran escándalo en Alemaña.

- *Entón todos os alemáns desa época son culpables.*

- Esa é a pregunta dende a fin da guerra. Ningún pobo é colectivamente culpable e os alemáns que se opuxeron ao nazismo foron perseguidos, presos nos campos de concentración ou obrigados ao exilio. Alemaña estaba, como moitos outros países de Europa, impregnada de antisemitismo, mesmo se os antisemitas activos, os asasinados, só fosen unha minoría. Hoxe estímase que participaron activamente no xenocidio arredor de 100.000 alemáns pero, que podemos dicir dos outros, dos que viron como detiñan os seus veciños xudeus, ou dos que conducían os trens cara á deportación? O que máis sorprende é a extraordinaria indiferencia da meirande parte dos alemáns.

- *E logo, que fixeran os xudeus para que quixesen matalos?*

- Nada! Cando unha persoa é vítima adoitamos caer no erro de nos preguntar que fixo porque sobreentendemos que algo faría mal. Ás veces mesmo a propia vítima, aínda que sexa inocente, se sente estrañamente culpable; así pásalles ás mulleres vítimas dunha violación, que algúns consideran máis ou menos culpables do que lles pasa.

Os nazis antisemitas non lles reprochaban aos xudeus teren feito nada malo, senón simplemente seren o que eran: xudeus.

- *E a que se debía este antisemitismo?*

- O antisemitismo é ben antigo. Para algúns, nace no mesmo momento no que nace o xudaísmo, hai tres mil anos! Outros pensan que nace co cristianismo, e neste caso fálase de antixudaísmo, que lles reprocha aos xudeus non recoñeceren que Xesús é o Mesías, rexeitaren esta “boa nova” e resistírense á conversión. Aínda peor, acusa os xudeus de seren os responsables da morte de Cristo. Esta responsabilidade é colectiva –

todos os xudeus- e eterna, xa que se transmite de xeración en xeración dende hai dous mil anos. Na Idade Media, esténdese este antixudaísmo cristián con todo tipo de mitos e o xudeu convértese nunha persoa demoníaca que ten moito que ver con satán e cada vez que Europa sufría unha epidemia de peste negra era porque os xudeus envelenaran os pozos; outras veces eran acusados de realizaren rituais asasinados: en cada pascua xudía asasinarían a un neno cristián para mesturaren o seu sangue cun pan ácimo que os xudeus comen na Pascua. Porén, durante esta época, sobre todo nos massacres, como os que se cometeron na época das cruzadas, a un xudeu éralle posible escapar ao seu destino se se convertía e os que rexeitaban traizoar as súas crenzas acababan sendo mártires que sacrificaban a súa vida, como se soe dicir, en Nome de Deus.

- *Pero non lle vexo a relación coa Alemaña nazi, ou é que aínda duraba este antixudaísmo da Idade Media?*

- O odio aos xudeus que nace e se desenvolve na fin do século XIX é novo malia presentar puntos comúns co antixudaísmo cristián, así como a palabra que o designa, “antisemitismo”, inventada en Alemaña. Como xa che expliquei, en Europa occidental, os xudeus emancipáronse e participaban individualmente na vida económica e social de cadanseus países. En Alemaña só eran arredor de 500.000, a penas o 1% da poboación, pero moitos fixeron estudos superiores e estaban presentes en eidos que abandonaran os alemáns protestantes ou católicos: o xornalismo, o teatro, a medicina e mesmo a política. Mentres que o país se modernizaba a grande velocidade, algúns intelectuais temían esta modernidade que, segundo eles só podería traerlle grandes males á sociedade e defendían unha idea concreta da nación alemá que, só debería estar composta por alemáns. Deste xeito, os xudeus serían perseguidos como estranxeiros por corromperen e debilitaren Alemaña. Este antisemitismo prospera despois da derrota alemá do 14-18, un período difícil para o país, que se sente humillado polo tratado de Versalles e que é presa do paro. Ademais, en 1923 os prezos dos produtos básicos soben a milleiros de marcos e moeda xa non vale nada. Unha grande parte da dereita acusa de todos estes males os xudeus e considera que Alemaña é vítima dun complot xudeu internacional.

Malia ser un elemento importante para explicar o xenocidio, este antisemitismo alemán é ben diferente do que sentía Hitler, que o que pretendía era salvar a civilización pola exterminación dos xudeus.

- *Pero hoxe xa non hai antisemitismo.*

É certo que o antisemitismo xa non se pode expresar nun país coma o noso, de feito, a lei prohibíbeo xunta calquera outra manifestación de racismo, pero pode adoptar formas subliminais. De feito, hai un grupiño de persoas que, menosprezando a realidade, nega a existencia das cámaras de gas. Son os chamados *negacionistas*. Hai outros cantos que consideran que non son máis ca un “detalle” da Segunda Guerra Mundial.

A razón velada destas declaracións é o antisemitismo porque, se Auschwitz non existiu, non hai problema en volver ser antisemita.

- *Todo isto que acabas de explicarme é doloroso de escoitar. Dentro dalgúns meses chegaremos ao ano 2000 e os xudeus xa non son perseguidos e, malia subsistiren algunhas manifestacións de antisemitismo, adoito escoitar falar do “deber da memoria”. Segundo ti, cómpre darlle un lugar particular a este episodio da Historia?*

- Facendo a túa árbore xenealóxica viches que algúns dos teus devanceiros morreron en Auschwitz. O teu avó materno, Aby, ou a túa avoa paterna Anna teñen unha tumba co seu nome no cemiterio de Bagneaux arredor das que nos reunimos no aniversario das súas mortes, pero os teus outros avós non teñen tumba. “Tedes unha tumba nos baleiros das nubes”, escribiu un gran poeta alemán, Paul Celan. Na nosa familia non debemos esquecer os seus nomes, debemos conservar o seu recordo porque ninguén vén de ningures, procedemos dunha liñaxe. Gustaríame que cando lles toque aos teus fillos debuxaren a súa árbore xenealóxica, poidan poñerlle os nomes dos seus tataravós, así como o nome do lugar no que desapareceron: Auschwitz.

- *Así que isto ten que ver coas familias dos que morreron en Auschwitz.*

- Non. Non é só un asunto de familia e tampouco algo que só atinxa aos xudeus. Auschwitz pertence á historia de Europa, se o pensamos ben, probablemente sexa o acontecemento máis europeo de toda a historia do século XX! Unha historia viva entre nós, xa que algúns dos que sobreviviron a Auschwitz aínda están presentes, como Berthe, pero tamén é unha historia que se afasta no tempo, que se converte en Historia. Éche importante que as persoas coñezan o mundo do que saíron, a liña da que proceden. E por que hai que estudar esta historia máis a fondo? Algúns pensan que facer saber o que aconteceu en Auschwitz permitiría que non se repetise algo así, un pouco como os que pensaban que a guerra do 14-18 sería “*la der des der*”, que “non volvería a haber nada igual”, que abondaría con amosar o sufrimento causado para conmoer a mocidade

e vacinala contra a idea de repetir tales erros. Eu son escéptica ante este tipo de afirmacións porque non creo que dun relato histórico baseado só na emoción poidan xurdir efectos duradeiros, con todo, eu sigo a crer na razón, no valor da intelixencia, aínda que Auschwitz siga a ser inexplicable. O estudo do xenocidio dos xudeus, pola súa dimensión inaudita, inspira unha reflexión inesgotable que abrangue todos os aspectos da vida e da historia das persoas, por iso se lembra constantemente na vida internacional, por exemplo. Dende a Segunda Guerra Mundial reflexionouse moito sobre o xeito de impedir crimes como os cometidos contra os xudeus, o que fixo evolucionar o dereito e de feito hoxe téntase crear un tribunal de xustiza internacional permanente onde xulgar os que cometan crimes contra a humanidade. Se xusto despois da Segunda Guerra Mundial todos os Estados estaban de acordo en dicir que cada un podía facer o que quixese no seu territorio, que abrir campos de concentración, masacrar unha minoría nacional ou expulsar fóra de cadansúas fronteiras concernía ao dereito interior do Estado, hoxe cada vez máis voces demandan a posibilidade de intervir nos asuntos internos dun Estado. A lembranza da inacción e da indiferencia das grandes potencias con respecto á sorte dos xudeus pesa moito na análise destas cuestións.

O estudo do xenocidio tamén permite reflexionar sobre o funcionamento do Estado moderno, xa que a deportación dos xudeus e a súa aniquilación nas cámaras de gas nunca sería posible sen numerosos cómplices: cumpriu que os funcionarios traballasen na confección de múltiples ficheiros, que diferentes forzas da orde detivesen os xudeus, que outros funcionarios organizasen os campos e os vixiasen, que houbese xente que conducise os autobuses ata as estacións e mais os trens ata os centros de aniquilación, establecesen os horarios... ningún destes homes ten unha visión clara de como se insire o seu traballo se inserta na cadea que permitiu a fin de contas matar a millóns de persoas. Aparentemente non fixeron nada malo, simplemente cumpriron co seu traballo concienciadamente. Por suposto esta análise non se lles pode aplicar a persoas como Himmler ou Eichmann, que sabían exactamente o que facían. Ademais, todo isto non se tería escrito sen a tinta da guerra. Pero moitos non souberon, non puideron ou non quixeron resistirse a un proceso malia non desexalo. Durante o xuízo contra Maurice Papón falouse de “crime de despacho” ao referirse ao secretario xeral da prefectura de Gironde, que asinou os papeis da deportación dos xudeus de Burdeos. A simple sinatura dun funcionario que obedecía ao seu superior xerárquico é susceptible, nalgunhas circunstancias, de

enviar a persoas á morte. Ademais está toda esta indiferencia que atopamos a miúdo, tanto a dos veciños como a das grandes potencias. Todas estas son as cuestións que me acosan permanentemente, que espero aclarar estudando e explicando a historia e que creo merecen a reflexión por parte de cada un de nós.